

**Expte: 2401/500**

**MODIFICACIÓN  
ORDENANZA FISCAL  
REGULADORA**

**DO IMPOSTO SOBRE  
ACTIVIDADES ECONÓMICAS.  
(4)**

**2018**



**ORDENANZA Nº 4:**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. 2017**

**ARTIGO 1.- NATUREZA E FUNDAMENTO**

O Imposto sobre Actividades Económicas é un tributo directo de carácter real, establecido con carácter obrigatorio no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e regulado de conformidade co que dispoñen os artigos 78 e 91 da citada disposición legal.

**ARTIGO 2.- FEITO IMPOÑIBLE**

1. O feito imponible deste imposto está constituído polo mero exercicio en territorio nacional, de actividades empresariais, profesionais ou artísticas, exérganse ou non en local determinado e estean ou non especificados nas tarifas do imposto.
2. Consideraranse, a efectos deste imposto, actividades empresariais, as gandeiras, cando teñan carácter independente, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos. Non teñen, por tanto, tal consideración as actividades agrícolas, gandeiras dependentes, forestais e as pesqueiras, non constituíndo ningunha delas, feito imponible deste imposto.
3. Os efectos previstos no parágrafo anterior, terá a consideración de gandería independente, o conxunto de cabezas de gando que se atope comprendido nalgún dos casos seguintes:
  - a) Que paste ou se alimente fundamentalmente en terras que non sexan explotadas agrícola ou forestalmente polo dono do gando.
  - b) O estabulado fóra das fincas rústicas.
  - c) O transhumante ou trasterminante.
  - d) Aquel que se alimente fundamentalmente con pensos non producidos na finca en que se críe.
4. Considérase que unha actividade se exerce con carácter empresarial, profesional ou artístico, cando supón a ordenación por conta propia de medios de produción e de recursos humanos, ou de un deles, coa finalidade de intervir na produción e distribución de bens e servizos.
5. O exercicio das actividades gravadas probarase por calquera medio admisible en dereito, polos

**ORDENANZA Nº 4:**

**MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. 2018**



contemplados no artigo 3 do Código de Comercio e en particular por:

a) Calquera declaración tributaria formulada polo interesado ou polos seus representantes legais.

b) Recoñecemento polo interesado ou os seus representantes legais en dilixencia, en acta de inspección e en calquera outro expediente tributario.

c) Anuncios, circulares, mostras, rótulos ou calquera outro procedemento publicitario que poña de manifesto o exercicio dunha actividade económica.

d) Datos obtidos nos libros ou rexistros de contabilidade levados por toda clase de organismos ou empresas debidamente certificados polos encargados dos mesmos ou pola propia Administración.

e) Datos facilitados por toda clase de autoridades por iniciativa propia ou a requirimento da Administración competente.

f) Datos facilitados polas Cámaras de Comercio, Industria e Navegación, Colexios e asociacións profesionais e demais institucións e asociacións oficialmente recoñecidas, por iniciativa propia ou a requirimento da Administración.

6. Teñen a consideración de actividades empresariais, a efectos deste imposto, as mineiras, industriais, comerciais e de servizos, clasificadas na sección 1<sup>a</sup> das Tarifas aprobadas polo Real Decreto Legislativo 1175/1990 de 28 de setembro. Así mesmo, as actividades de gandería independente reguladas por Real Decreto Legislativo 1259/1991 de 2 de Agosto que contén Tarifas e Instrución.

7. Teñen a consideración de actividades profesionais, as clasificadas na sección 2<sup>a</sup> das Tarifas, sempre que se exerzan por persoas físicas. Cando unha persoa xurídica ou unha Entidade das previstas no artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, exercese unha actividade clasificada na Sección 2<sup>a</sup> das Tarifas, haberá de matricularse e tributar pola actividade correlativa ou análoga da Sección 1<sup>a</sup> daquelas.

8. Teñen a consideración de actividades artísticas as clasificadas na Sección 3<sup>a</sup> das Tarifas.

### **ARTIGO 3.- NON SUXEIÇÃO**

Non constitúe feito imponible deste imposto o



exercicio das seguintes actividades:

- a) A enaxenación de bens integrados no activo fixo das empresas que figurasen debidamente inventariados como tal inmovilizado, con máis de dous anos de antelación á data de transmisión, e a venda de bens de uso particular e privado do vendedor, sempre que os tivesen utilizado durante igual período de tempo.
- b) A venda dos produtos que se reciben en pago de traballos persoais ou servizos profesionais.
- c) A exposición de artigos co fin exclusivo de decoración ou adorno do establecemento. Pola contra, estará suxeita ó imposto, a exposición de artigos para regalo ós clientes.
- d) Cando se trate de venda ó miúdo, a realización dun só acto ou operación illada.
- e) As actividades agrícolas, gandeiras dependentes, forestais e as pesqueiras.
- f) A utilización de medios de transporte propios, nin a reparación en talleres propios, sempre que a través de uns e doutros, non se presten servizos a terceiros.

#### ARTIGO 4.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos deste imposto, as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria, sempre que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito impositivo.

#### ARTIGO 5.- EXENCIONES

1. Están exentos do Imposto:

- a) Estado, as CC AA e as Entidades Locais, así como os respectivos Organismos Autónomos e as Entidades de Dereito Público de análogo carácter das CC AA e das Entidades Locais.
- b) Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio da súa actividade en territorio español, a partir do un de xaneiro de 2003, durante os dous primeiros períodos impositivos deste imposto en que se desenvolva a mesma.
  - b.1) A estes efectos, non se considerará que se produce o inicio do exercicio dunha actividade cando a mesma se desenvolvera anteriormente baixo outra titularidade, circunstancia que se entenderá que concorre, entre outros supostos, nos



casos de fusión, escisión ou aportación de ramas de actividade.

b.2) Entenderase, igualmente, que a actividade era exercida anteriormente baixo outra titularidade, nos seguintes supostos:

1. Transformación de Sociedades.

2. Que o titular que se da de alta sucedera na explotación da actividade a un familiar vinculado a el por liña directa ou colateral ata o segundo grado en consanguinidade ou afinidade.

3. Cando o titular que se da de alta fose unha Comunidade de Bens ou Sociedade, na que os comuneiros ou socios exerceran anteriormente unha actividade empresarial das comprendidas na Sección 1ª das Tarifas.

b.3) Ós efectos do outorgamento desta bonificación, entenderase que o suxeito pasivo non inicia a actividade nos seguintes supostos, entre outros:

1. Cando a alta sexa consecuencia dun cambio dun epígrafe a outro dentro das actividades clasificadas na Sección 1ª das Tarifas, sexa este cambio voluntario, por imperativo legal ou para emendar unha cualificación anteriormente errónea.

2. Cando a alta signifique unha ampliación de actividade empresarial por estar xa de alta en algún epígrafe da Sección 1ª das Tarifas.

3. Cando a alta sexa consecuencia da apertura dun novo local afecto a unha actividade que xa está exercendo.

c) Os seguintes suxeitos pasivos:

- As persoas físicas.

- Os suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades, as Sociedades civís e as entidades do artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral tributaria, que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 euros.

No relativo ós contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non residentes, a exención só alcanzará ós que operen en España mediante establecemento permanente, sempre que teñan un importe neto da cifra de negocios inferior a 1.000.000 de euros.

A efectos da aplicación da exención prevista neste



parágrafo, teranse en conta as seguintes regras:

1ª. O importe neto da cifra de negocios determinarase de acordo co previsto no artigo 191 do Texto Refundido da Lei de Sociedades Anónimas, aprobado por Real Decreto Lexislativo 1564/1989 de 22 de decembro.

2ª. O importe neto da cifra de negocios será, no caso dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Sociedades e o dos contribuíntes polo Imposto sobre a Renda de non Residentes, o do período impositivo no que o prazo de presentación de declaracións por ditos tributos tivese finalizado o ano anterior ó de devengo deste imposto. No caso das sociedades civís e das entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Xeral Tributaria, o importe neto da cifra de negocios será o que corresponda ó penúltimo ano anterior ó de devengo deste imposto. Se dito período impositivo tivera unha duración inferior ó ano natural, o importe neto da cifra de negocios elevarase ó ano.

3ª. Para ó calculo do importe da cifra de negocios do suxeito pasivo, terase en conta o conxunto das actividades económicas exercidas polo mesmo.

Non obstante, cando a entidade forme parte dun grupo de sociedades no sentido do artigo 42 do Código de Comercio, o importe neto da cifra de negocios referirase ó conxunto de entidades pertencentes a dito grupo.

Ós efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase que os casos do artigo 42 do Código de Comercio son os recollidos na sección 1ª do Capítulo I das normas para formulación das contas anuais consolidadas, aprobadas por Real Decreto 1815/1991 de 20 de decembro.

4ª. No suposto dos contribuíntes polo imposto sobre a Renda de non residentes, atenderase ó importe neto da cifra de negocios imputable ó conxunto dos establecementos permanentes situados en territorio español.

d) As Entidades Xestoras da Seguridade Social e as Mutualidades de Previsión social reguladas polo Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados aprobado polo RDL 6/2004 de 29 de outubro.



e) Os Organismos Públicos de investigación, os establecementos de ensinanza en tódolos seus grados costeados integramente con fondos do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais, ou por Fundacións declaradas benéficas ou de utilidade pública, e os establecementos de ensinanza en tódolos seus grados, que, carecendo de ánimo de lucro, estiveran en réxime de concerto educativo, incluso se facilitasen ós seus alumnos libros ou artigos de escritorio ou lles presten os servizos de media pensión ou internado, aínda que por excepción vendan no mesmo establecemento os produtos dos talleres dedicados a dita ensinanza, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

f) As Asociacións e Fundacións de diminuídos físicos, psíquicos e sensoriais, sen ánimo de lucro, polas actividades de carácter pedagóxico, científico, asistencial e de emprego que, para o ensino, educación, rehabilitación e tutela dos minusválidos, realicen, aínda que vendan os produtos dos talleres dedicados a ditos fins, sempre que o importe de dita venda, sen utilidade para ningún particular ou terceira persoa, se destine exclusivamente á adquisición de materias primas ou ó sostemento do establecemento.

g) A Cruz Vermella Española.

h) Os suxeitos pasivos ós que lles sexa de aplicación a exención en virtude de Tratados ou Convenios Internacionais.

i) As Entidades sen fins lucrativos, polas explotacións económicas a que se refire o artigo 7 da lei 49/2002 de 23 de decembro, de Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos Incentivos Fiscais o Mecenazgo.

Non obstante, ditas Entidades deberán presentar declaración de Alta na Matrícula do Imposto e declaración de Baixa no caso de cese no exercicio da actividade.

A aplicación da exención prevista na Lei 49/2002 de 23 de decembro de Réxime Fiscal das Entidades sen fins lucrativos e dos Incentivos Fiscais o Mecenazgo, estará condicionada a que as Entidades sen fins lucrativos, comuniquen o



Concello o exercicio da opción, regulada no artigo 14.1 da citada Lei 49/2002, e ó cumprimento dos requisitos regulados no Título II da citada Lei.

2. Os suxeitos pasivos ós que se refiren os parágrafos a), d), g) e h) do apartado anterior non estarán obrigados a presentar declaración de alta na Matrícula do Imposto.

3. O Ministro de Facenda establecerá en qué supostos a aplicación da exención prevista no apartado c) do punto 1 anterior esixirá a presentación dunha comunicación dirixida a Axencia Estatal de Administración Tributaria na que se faga constar que se cumpren os requisitos establecidos en dito apartado para a aplicación da exención. Dita obriga non se esixira, en ningún caso cando se trate de contribuíntes polo Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Os suxeitos pasivos que tiveran aplicado a exención prevista no apartado b) do punto 1 anterior presentarán a comunicación, no seu caso, o ano seguinte ó posterior ó de inicio da súa actividade. A estes efectos, o Ministro de Facenda establecerá o contido, prazo e a forma de presentación de dita comunicación, así como os supostos en que haberá de presentarse por vía telemática.

No relativo as variacións que puideran afectar á exención prevista no apartado c) do punto 1 anterior estarase ó previsto no artigo 12.4 da presente Ordenanza.

4. As exencións previstas nos parágrafos b), e), f) e i) do apartado 1 deste artigo terán carácter rogado e concederanse, cando proceda, a instancia de parte.

#### **ARTIGO 6.- BONIFICACIÓNS E REDUCIÓNS.**

1. Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio dunha actividade empresarial cualificada polo Concello como proxecto empresarial de interese municipal (PEIM), e tributen por cota municipal, gozarán, trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios seguintes dunha bonificación na cota do 50%.

2. Os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial a partir do 1 de xaneiro do ano 2003, e tributen por cota municipal, gozarán trala exención regulada no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, durante os cinco exercicios





seguintes dunha bonificación na cota do 30%. Esta beneficio non será de aplicación no caso de que fose procedente a bonificación regulada no apartado 1) anterior.

2.1. Para poder gozar desta bonificación requírese que a actividade económica non fora exercida anteriormente baixo outra titularidade, nin baixo a mesma. Entenderase exercida anteriormente baixo outra titularidade, entre outros, nos seguintes supostos:

a) Fusión, absorción ou aportación de ramas de actividade.

b) Transformación de Sociedades.

c) Que o titular que se da de alta sucedera na explotación da actividade a un familiar vinculado a el por liña directa ou colateral ata o segundo grado en consanguinidade ou afinidade.

d) Cando o titular que se da de alta fose unha Comunidade de Bens ou Sociedade, na que os comuneiros ou socios exerceran anteriormente unha actividade empresarial das comprendidas na Sección 1ª das Tarifas.

2.2. Ós efectos do outorgamento desta bonificación, entenderase que o suxeito pasivo non inicia a actividade nos seguintes supostos, entre outros:

a) Cando a alta sexa consecuencia dun cambio dun epígrafe a outro dentro das actividades clasificadas na Sección 1ª das Tarifas, sexa este cambio voluntario, por imperativo legal ou para emendar unha cualificación anteriormente errónea.

b) Cando a alta signifique unha ampliación de actividade empresarial por estar xa de alta en algún epígrafe da Sección 1ª das Tarifas.

c) Cando a alta sexa consecuencia da apertura dun novo local afecto a unha actividade que xa está exercendo.

2.3. Os suxeitos pasivos que consideren ter dereito á bonificación por inicio de actividade e cumpran tódolos requisitos establecidos nos apartados 2.1 e 2.2 anteriores presentarán solicitude expresa de bonificación achegando:

- Declaración xurada de non ter exercido actividade empresarial con anterioridade nin suceder na actividade a familiar vinculado a el por liña directa



ou colateral ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade.

- Escritura de constitución para o caso de Sociedades e Comunidades de Bens.

A concesión deste beneficio fiscal, surtirá efectos para o exercicio seguinte a aquél en que se formule.

3. Cando se realicen obras nas vías públicas que teñan unha duración superior a tres meses dentro do mesmo período impositivo e afecten a locais nos que se realicen actividades clasificadas na división 6ª da Sección 1ª das Tarifas, os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal terán dereito, previa solicitude e posterior informe técnico favorable, a unha redución na cota do imposto do 50% no exercicio no que se desenvolveron as obras.

Para a aplicación desta redución, o suxeito pasivo deberá formular solicitude expresa daquela no prazo máximo dun mes dende que o local deixara de estar afectado polas obras, sexa porque estean finalizadas totalmente ou a súa continuación xa non afectase ó tramo onde está radicado o local.

A solicitude deberá ir acompañada de:

a) Copia do último recibo de IAE ou copia da declaración de alta relativos a actividade e local de que se trate.

b) Último recibo da taxa do lixo industrial (EUI).

c) Plano de situación do local.

De non seren aportados, nos prazos regulamentarios, os documentos mencionados anteriormente, entenderase que o suxeito pasivo desiste da súa solicitude e ditarase resolución desestimatoria.

Se as obras se prolongasen máis do 31 de decembro, os suxeitos pasivos formularán a correspondente solicitude de redución do ano finalizado, antes do 31 de xaneiro.

No caso de cese de actividade, o prazo máximo será dun mes dende a data de baixa no imposto.

As solicitudes de redución formuladas fora do prazo dun mes de finalización das obras ou ben con posterioridade ó 31 de xaneiro, no caso de obras non terminadas a 31 de decembro anterior, non



serán estimadas. Excepcionalmente poderán ser estimadas, se a liquidación na que debe surtir efectos a redución, non tivese adquirido firmeza

Os suxeitos pasivos que, eventualmente puideran resultar beneficiados pola redución regulada neste apartado 2, deberán, sen embargo, satisfacer o importe total dos recibos no período normal de cobranza. Unha vez concedida a redución poderán solicitar devolución de ingresos indebidos polo importe daquela.

4. As Cooperativas, así como as Unións, Federacións e Confederacións das mesmas e as Sociedades agrarias de transformación terán a bonificación prevista na Lei 20/1990 de 19 de decembro, sobre Réxime Fiscal das Cooperativas.

5. Os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, o porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido nos seus centros de traballo no municipio de Vigo, durante o período impositivo anterior, terán unha bonificación do 35% na cota do Imposto.

A solicitude de bonificación deberá presentarse antes do 31 de marzo do exercicio para o que se pide a bonificación.

As bonificacións reguladas neste artigo poderán aplicarse de forma simultánea e sucesiva agás as sinaladas nos apartados 1) e 2) que son incompatibles entre elas e, co límite que establece a regra 16 da Instrución.

A bonificación regulada no apartado 5 deste artigo será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004 de conformidade co disposto na disposición adicional oitava apartado 1 da Lei 51/2002 de 27 de decembro. As bonificacións reguladas nos apartados 1 e 2 deste artigo serán de aplicación ós suxeitos pasivos que inicien a súa actividade a partir do 1 de xaneiro de 2003. Os suxeitos pasivos que a 1 de xaneiro de 2003, non estando exentos do imposto, de conformidade co regulado no artigo 5.1.b) desta Ordenanza, estiveran disfrutando das bonificacións por inicio de actividade anteriormente reguladas nesta Ordenanza continuarán disfrutando daquelas ata a finalización do período de aplicación.

## **ARTIGO 7.- TARIFAS E COTA TRIBUTARIA**



1. As tarifas do Imposto de Actividades Económicas e a Instrución aprobadas por Real Decreto Legislativo 1175/90 de 28 de setembro e Real Decreto Legislativo 1259/91 de 2 de agosto, comprenden:
  - a) A descrición e contido das distintas actividades económicas clasificadas en actividades empresariais, profesionais e artísticas.
  - b) As cotas correspondentes a cada actividade, determinadas mediante a aplicación dos correspondentes elementos tributarios regulados nas tarifas e na Instrución.
2. As cotas contidas nas tarifas, clasifícanse en:
  - a) Cotas Mínimas Municipais
  - b) Cotas Provinciais
  - c) Cotas Nacionais
3. Son cotas mínimas municipais, as que, con esta denominación, aparecen especificamente sinaladas nas Tarifas, sumando, no seu caso, o elemento superficie dos locais nos que se realicen as actividades gravadas, así como calquera outras que non teñan a cualificación expresa, nas referidas Tarifas, de cotas provinciais ou nacionais.
4. Igual consideración de cotas mínimas municipais terán aquelas que, por aplicación do disposto na Regra 14<sup>a</sup>.1.F) da Instrución, o seu importe integrado, exclusivamente, polo valor do elemento tributario de superficie, está
5. Son cotas nacionais ou provinciais, as que con tal denominación aparecen nas tarifas.
6. Cando a actividade de que se trate teña asignada máis dunha das clases de cotas ás que se refire o artigo 7.2 desta ordenanza, o suxeito pasivo poderá optar polo pago de calquera delas, coas facultades sinaladas nas Regras 10,11 e 12 respectivamente da Instrución.
7. As Leis de Presupostos Xerais do Estado, poderán modificar as tarifas do Imposto e actualizar as cotas contidas nas Instrucións aprobadas por Real Decreto Legislativo 1175/90 e 1259/91.
8. Ós efectos deste imposto considéranse locais, as edificacións, construcións e instalacións, así como as superficies cubertas ou sen cubrir, abertas ou non ó público que se utilicen para calquera actividade empresarial ou profesional.



9. Non teñen a consideración de locais, a efectos deste imposto, os elementos sinalados no apartado 1 da Regra 6ª da Instrución.

10. Consideraranse locais separados os que enumera o apartado 2ª da Regra 6ª da Instrución.

11. Cando un ben se destine conxuntamente a vivenda e ó exercicio dunha actividade gravada, só terá a consideración de local a efectos do imposto, a parte do ben na que, efectivamente, se exerza a actividade de que se trate.

12. Os profesionais que non exerzan a súa actividade en local determinado tributarán naquel municipio onde radique o seu domicilio fiscal, e as súas actuacións fóra daquel municipio non darán lugar a cota adicional ningunha por este imposto. Igualmente, as actuacións que realicen os profesionais fora do termo municipal onde radique o local da súa actividade, non darán lugar a pagamento de cota adicional ningunha por este imposto.

13. Os artistas tributarán no Municipio onde radique o seu domicilio fiscal, satisfacendo naquel unha soa cota municipal que os faculta para realizar dentro e fóra do termo municipal cantas actuacións foran propias de ditas actividades. Entenderase que as actividades artísticas non se realizan en local determinado.

## ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	3,14
2ª	2,94
3ª	2,78
4ª	2,55
5ª	2,38
6ª	2,16

## ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	3,21
2ª	3,00



2. A categoría fiscal de aplicación será a que figure na relación anexa á Ordenanza Fiscal Xeral deste Concello.	3ª	2,84
	4ª	2,61
	5ª	2,43
	6ª	2,21

3. Cando algún vial non apareza comprendido na mencionada relación de rúas, aplicarase provisionalmente o coeficiente de situación que corresponda á última categoría fiscal.

4. Para determinar o coeficiente de situación, cando sexan varias as vías públicas a que dea a fachada dun establecemento ou local, tomarase o coeficiente que corresponda á vía de categoría superior, sempre que nesta exista –aínda en forma de chaflán- acceso directo e de normal utilización ó recinto.

5. No suposto de que, por atoparse en sotos, plantas interiores, etc., os establecementos ou locais carezan propiamente de fachadas á rúa, aplicarase o coeficiente de situación correspondente á categoría da rúa onde se atope o lugar de entrada ou acceso principal.

### ARTIGO 9.- COTA MUNICIPAL E RECARGO PROVINCIAL

1. Para o cálculo da cota resultante ou cota a ingresar, haberán de terse en conta os seguintes extremos:

a) Tanto as cotas mínimas municipais, como as cotas provinciais e nacionais, están integradas pola suma de dúas magnitudes distintas:

a.1 En primeiro lugar, pola cantidade sinalada en cada caso nas Tarifas do Imposto, que se corresponde co elemento dinámico constituído polo exercicio da actividade (potencia instalada, poboación de dereito, aforo de locais e superficie dos locais).

a.2 En segundo lugar, pola cantidade que resulte de valora-lo elemento tributario constituído pola superficie dos locais nos que se exerce a actividade de que se trate, de conformidade co disposto na regra 14ª.1.F) da Instrución. Esta valoración do elemento tributario superficie, non se aplicará na determinación de cotas que nas Tarifas tivesen en conta expresamente, como elemento tributario, as superficies dos locais.

b) Sobre as cotas calculadas segundo o apartado a)



anterior, aplicaranse, en todo caso, os seguintes coeficientes de ponderación en función do importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo, de conformidade co disposto no artigo 86 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais):

<b>Importe neto da cifra de negocios en euros</b>	<b>Coeficiente Ponderación</b>
Dende 1.000.000,00 ata 5.000.000,00	1,29
Dende 5.000.000,01 ata 10.000.000,00	1,30
Dende 10.000.000,01 ata 50.000.000,00	1,32
Dende 50.000.000,01 ata 100.000.000,00	1,33
Máis de 100.000.000,00	1,35
Sen cifra neta de negocio	1,31

Aos efectos da aplicación do coeficiente a que se refire este apartado b), o importe neto da cifra de negocios do suxeito pasivo será o correspondente ó conxunto de actividades económicas exercidas polo mesmo e determinarase de acordo co previsto na letra c) do apartado 1 do artigo 5 desta Ordenanza.

2. Se o suxeito pasivo optase, porque así o permiten as tarifas, por cota nacional o provincial, a cota resultante a ingresar, será a que resulte do cálculo sinalado nos apartados a) e b) anteriores sen que proceda aplicación de coeficiente de situación nin recargo provincial. A súa exacción corresponde a Axencia Tributaria do Estado.

3. Se o suxeito pasivo optase por cota municipal ou fose de obrigatoria aplicación, a cota municipal será o resultado de multiplicar a cota mínima municipal, obtida segundo se describe nos apartados a) e b) anteriores, polo coeficiente de situación sinalado no artigo 8 desta Ordenanza.

O recargo provincial calcularase aplicando a porcentaxe establecida pola Deputación Provincial de Pontevedra sobre a cota mínima municipal obtida segundo se describe nos apartados a) e b) anteriores.

O importe a ingresar polos suxeitos pasivos deste imposto que tributan por cota municipal será a suma desta cota máis o recargo provincial.

4. Se unha mesma actividade se exerce en varios locais, o suxeito pasivo estará obrigado a satisfacer tantas cotas mínimas municipais, incrementadas co coeficiente de situación, regulado no artigo 8 desta



Ordenanza, cantos locais nos que exerza a actividade. Se nun mesmo local se exercen varias actividades, satisfarán tantas cotas como actividades se realicen, aínda que o titular de estas fose a mesma persoa ou entidade, aplicando para a valoración do elemento superficie, o disposto na Regra 14<sup>a</sup>.1.F) g) da Instrución.

### ARTIGO 10.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DO IMPOSTO

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de declaracións de alta, en que abarcará dende a data de comezo da actividade ata o final do ano natural.

2. O imposto devéngase o primeiro día do período impositivo e as cotas serán irreductibles, agás cando, nos casos de declaración de alta, o día de comezo da actividade non coincide co ano natural. Neste suposto, as cotas calcularanse proporcionalmente ó número de trimestres naturais que restan para finaliza-lo ano, incluído o do comezo do exercicio da actividade.

3. Así mesmo, e en caso de baixa por cese de actividade, as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, excluindo aquel no que se produza dito cese. Os suxeitos pasivos poderán solicitar devolución da parte proporcional de cota relativa ós trimestres nos que non se tivera exercido a actividade.

4. Tratándose de espectáculos, cando as cotas estean establecidas por actuacións illadas, o devengo prodúcese pola realización de cada unha delas

### ARTIGO 11.- XESTIÓN

1. A xestión do imposto axustarase ó disposto no RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), Lei 58/2003 de 17 de decembro Xeral Tributaria, Real decreto 243/1995 de 17 de febreiro, Ordenanza Fiscal Xeral do Concello e restantes normas que resulten de aplicación.

2. O imposto xestiónase a partir da matrícula deste. Dita matrícula formarase anualmente pola Administración Tributaria do Estado e estará constituída por censos comprensivos das actividades económicas, suxeitos pasivos, cotas mínimas e, no seu caso, recargo provincial.





3. A matrícula de cada exercicio pecharase a 31 de decembro do ano anterior e serán incluídas as declaracións de variacións e baixas presentadas ata 31 de xaneiro e que se refiren a feitos anteriores ó 1 de xaneiro.

4. A matrícula expoñerase ó público dende os días 1 ó 15 de abril de cada ano.

5. O Concello publicará anuncio da exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun dos diarios de maior difusión da provincia. A matrícula estará a disposición do público nas oficinas municipais.

### ARTIGO 12.- ALTAS, BAIXAS E VARIACIÓNS

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar, ante a Delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria, as correspondentes declaracións censais de alta manifestando tódolos elementos necesarios para a súa inclusión na Matrícula nos termos establecidos no artigo 90.1 do RDL 2/2004 de 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais) e dentro do prazo que regulamentariamente se estableza. A continuación a Administración Tributaria do Concello practicará e notificará a liquidación procedente.

2. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a comunicar á Delegación da Axencia Estatal, as variacións de orde físico, económico ou xurídico que se produzan no exercicio das actividades gravadas e que teñan transcendencia a efectos deste imposto. Formalizará estas comunicacións nos prazos e termos regulamentariamente determinados.

3. As declaracións de alta haberán de presentarse no prazo dun mes, dende a data en que se produza o inicio da actividade.

4. En particular, os suxeitos pasivos ós que non lles sexa de aplicación a exención prevista no apartado c) do punto 1 do artigo 5 desta Ordenanza, deberán comunicar a Axencia Estatal de Administración Tributaria o importe neto da súa cifra de negocios. Así mesmo, os suxeitos pasivos deberán comunicar, as variacións que se produzan no importe neto da súa cifra de negocios cando tal variación supoña a modificación da aplicación ou non da exención prevista na apartado c) do punto 1 do artigo 5 desta Ordenanza ou unha modificación no tramo a considerar a efectos da aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 8.a) desta



Ordenanza. O Ministro de Facenda establecerá os supostos en que deberán presentarse estas comunicacións, o seu contido e o seu prazo e forma de presentación, así como os supostos en que haberán de presentarse por vía telemática.

5. As declaracións de baixa haberán de presentarse no prazo dun mes, dende a data en que se produza o cese de actividades.

### ARTIGO 13.- DISTRIBUCIÓN DE COMPETENCIAS DE XESTIÓN ENTRE A ADMÓN. DO ESTADO E O CONCELLO E OS CORRESPONDENTES RECURSOS

1. Corresponde á Administración Tributaria do Estado a formación da matrícula, a cualificación das actividades económicas e o sinalamento das cotas correspondentes.

2. Contra os actos de inclusión, exclusión, alteración de datos, cualificación de actividades e sinalamento de cotas, os suxeitos pasivos poderán interpoñer recurso de reposición ante a Administración Tributaria do Estado que corresponda ou reclamación económico-administrativa.

3. As modificacións de matrícula por causa de estimación de recursos de reposición, haberán de ser comunicadas ó Concello antes do día 31 de xullo do exercicio a que se refire a matrícula.

4. O Concello de Vigo ten asumido, por delegación, as funcións de Inspección do Imposto sobre Actividades Económicas, de conformidade co disposto no Real Decreto 566/1992 de 29 de maio, polo que se modifica o artigo 17 do Real Decreto 1172/1991 de 26 de xullo, polo que se ditan normas para a xestión do Imposto de Actividades Económicas. Estableceranse fórmulas de colaboración coa Admón Tributaria do Estado para os cometidos de Inspección.

5. O Concello é competente para a liquidación e recadación deste imposto, así como da revisión de actos ditados en vía de xestión tributaria, comprendendo as funcións de concesión e denegación de exencións, e bonificacións, de realización de liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, recepción de autoliquidacións, emisión dos instrumentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución de recursos que se interpoñen contra estes actos e actuacións para



información e asistencia ó contribuínte referidas ás materias comprendidas neste parágrafo.

6. Contra os actos ditados en vía de xestión tributaria relacionados no parágrafo 5 deste artigo, os suxeitos pasivos poderán interpoñer recurso de reposición ante o Concello no prazo dun mes contado dende o día seguinte o de notificación ou, no caso de recibos de Padrón anual, dende o día seguinte o de finalización do período voluntario de pagamento.

#### **ARTIGO 14.- INFRACCIÓNS E SANCIÓN**

No relativo á cualificación de Infraccións Tributarias, así como ó relativo ás sancións que correspondan en cada caso, estarase ó disposto na Lei 58/2003 Xeral Tributaria, Ordenanza Fiscal Xeral, e restante normativa que resulte de aplicación.

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

De conformidade coa Disposición Transitoria 7ª da Lei 51/2002 de 27 de decembro, os suxeitos pasivos que, con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2003 tiveran recoñecidas as bonificacións reguladas anteriormente na nota común 2ª da Sección 1ª e na nota común 1ª da Sección 2ª das Tarifas reguladas en Real Decreto Lexislativo 1175/1990, continuarán disfrutandoas nos termos vixentes ó tempo do inicio do seu disfrute, ata a finalización do seu correspondente período de aplicación.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2016, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

#### **PUBLICACIÓNS B.O.P.:**

30 DE DECEMBRO DE 2003  
29 DE NOVIEMBRE DE 2004  
7 DE NOVIEMBRE DE 2005  
30 DE DECEMBRO DE 2006  
10 DE DECEMBRO DE 2007  
10 DE DECEMBRO DE 2008  
11 DE DECEMBRO DE 2009  
14 DE DECEMBRO DE 2010  
22 DE NOVIEMBRE DE 2011  
21 DE DECEMBRO DE 2012

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

**DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS**

**CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA**

**CONCELLO  
DE VIGO**



25 DE NOVIEMBRE DE 2015





EXPTE: 2401/500

**INFORME-PROPOSTA:**

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

**Condicionantes xerais**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.





### Condicionantes específicos

Polo que se refire ao Imposto sobre Actividades Económicas, hai que ter en conta que a capacidade recadadora deste tributo límitase ás actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas cun unha cifra de negocios superior a un millón de euros. Diante de case 40.000 inscricións na Matricula de Actividades Económicas, só 4.000 aportan ao orzamento municipal por este imposto..

Amais do anterior, compre ter en conta o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das bonificacións por inicio de actividade, por creación de emprego, cooperativas fiscalmente protexidas e outros supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os douscentos cincuenta mil euros.

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

### Modificacións na Ordenanza

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%..

### Informe sobre o impacto de xénero

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a persoas xurídicas contribuíntes. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### Tramitación da modificación

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.



DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS

CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO  
DE VIGO



A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUENTES ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.**

*Modifícase o punto 1.*

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coefficiente Situación
1ª	3,21
2ª	3,00
3ª	2,84
4ª	2,61
5ª	2,43
6ª	2,21

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

Vigo, xullo de 2017

Asinan dixitalmente a Técnica Xurídica de Dirección de Ingresos/Xefa da Inspección de Tributos e a Directora de Ingresos

Conforma o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 3 de 3

Expediente 2401/500

Código de verificación: 2DE84-B4BEB-D8D22-BBB4B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**DILIXENCIA:**

Pase ao Tribunal Económico-Administrativo do Concello a seguinte relación de propostas de modificación de ordenanzas fiscais para o exercicio 2018, a efectos de que ese Tribunal realice informe previo de legalidade.

- 1) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal Xeral (1). Expte: 2399/500.
- 2) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmobbles. (2). Expte: 2400/500.
- 3) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de tracción mecánica. (3). Expte: 2398/500.
- 4) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4). Expte: 2401/500.
- 5) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou de que entenda a Administración do Concello ou a dos seus Organismos Autónomos a instancia de parte. (10). Expte: 2402/500.
- 6) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ao Servizo de Taxi na Cidade de Vigo. (11). Expte: 2403/500.
- 7) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa polos servizos especiais por espectáculos e transportes. (12) Expte: 2404/500.
- 8) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora dos dereitos ou Taxas pola prestación dos servizos dos Cemiterios Municipais. (14) . Expte: 2405/500.
- 9) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos. (15). Expte: 2406/500.
- 10) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola recollida do lixo. (16). Expte: 2407/500.
- 11) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación dos servizos de Sanidade preventiva, Desinfección, Desinsectación, Desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo. (19). Expte: 2408/500.
- 12) Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos servizos que presta o "SERVIZO VIGOZOO".(53). Expte: 2415/500.





DIRECCIÓN  
DE  
INGRESOS

CONCELLERÍA  
DE  
ORZAMENTOS E FACENDA

CONCELLO  
DE VIGO



13). Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de auga potable, rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais. (60). Expte: 2412/500.

Vigo, xullo de 2017  
A Directora de Ingresos

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesús Magdalena Vila



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 18/07/2017 09:29

Páxina 2 de 2

Expediente 2395/500

Código de verificación: 25E34-C4CB2-8EBC3-CC322

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**CONCELLO DE VIGO**  
**TRIB. EC. ADM.**

**TIPO: Informe**

**SOLICITANTE: DIRECCIÓN DE INGRESOS**

**EXPEDIENTE: 2401-500 REF: I4277 E4463 P3876**

**ASUNTO: Proposta de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4).**

**En Vigo, a 19/07/2017, examinada a proposta de informe asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 18/07/2017 co seguinte literal:**

Remítese a este Tribunal informe-proposta de modificación da referida ordenanza fiscal, xunta con expediente, onde se incorpora a totalidade da documentación preceptiva para a tramitación do mesmo.

En atención o requirimento efectuado este Tribunal ten a honra de informar o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE E TRAMITACIÓN:**

A modificación das Ordenanzas Fiscaís ven regulada, nos aspectos que aquí nos interesan, nas seguintes normas:

- Lei 7/1985, de 7 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais(LFL).
- Regulamento Orgánico do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado polo acordo do Pleno do Concello de Vigo na súa sesión do 14 de xuño de 2.004 (ROTEACV).

A modificación das Ordenanzas fiscaís é competencia exclusiva e non delegable do Pleno, pois se efectúa no exercicio da atribución regulada no artigo 123.1.g ("La determinación de los recursos propios de carácter tributario") e a súa tramitación non sigue as normas xerais de modificacións de Ordenanzas e Regulamentos que veñen establecidas pola propia LRBRL, sinón as específicas establecidas poño TRLFLL.

Efectivamente, compre ter en conta que o artigo 111 LRBRL establece que "Los acuerdos de establecimiento, supresión y ordenación de tributos locales, así como las modificaciones de las correspondientes Ordenanzas fiscales, serán aprobados, publicados y entrarán en vigor, de acuerdo con lo dispuesto en las normas especiales reguladoras de la imposición y ordenación de tributos locales..." e que a dita normativa está contida nos artigos 15 a 19 da LFL, polo que, no caso das Ordenanzas Fiscaís, a súa tramitación non sigue o procedemento ordinario nin o establecido polo Regulamento Orgánico do Pleno, cuxo artigo 89,1 xa exclúe da tramitación polas normas nel contidas os proxectos normativos que contén con lexislación sectorial aplicable e dita lexislación, coma dixemos, e a dos artigos 15 e 19 da LFL, ós que se remite o artigo 111 da LRBRL.

Nesta regulación sectorial, e e concreto no artigo 17 LFL, se prevé un específico trámite de información pública para que, antes da aprobación definitiva, os interesados que cita a propia Lei poidan "presentar reclamaciones" concepto éste máis concreto e restrictivo que o de "alegaciones y observaciones" do procedemento xeral.

Por iso, e sin prexuízo de que, antes de sometelo a aprobación plenaria, o goberno municipal poida efectuar as súas lexítimas transaccións cós grupos municipais ou incluso enmendar o propio texto proposto, o Pleno non pode máis que



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 1 de 2

Expediente 2401/500

Código de verificación: 28E44-44BEC-D8D42-B2332

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

ratificar ou non o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e posteriormente dictaminado por este Tribunal Económico Administrativo en virtude do disposto nos artigos 137.1.b da LBRL e 2.b do ROTEACV.

Tal e coma se recolle na proposta remitida:

"O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do Tribunal económico-administrativo (TEA) do Concello o "Proxecto de Modificación da Ordenanza fiscal xeral" así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016

Ao ser este documento unha "Proposta de Modificación de Ordenanza fiscal xeral", adquiriría a condición de "Proxecto", tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado en Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado, no tramite que determina o Regulamento orgánico do Pleno, as emendas deberán ser incorporadas ao "Proxecto" que se someterá novamente á Xunta de Goberno local e novo ditame do TEA.

#### SOBRE AS MODIFICACIÓNS PROPOSTAS

O Informe-proposta establece expresamente:

"(...)plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%"

Dado que os trocos propostos teñen cobertura legal, infórmase favorablemente con carácter previo a proposta de modificación, sin prexuízo do dictame concreto que se emitirá unha vez aprobada a proposta pola Xunta de Goberno Local e que resultará favorable de non se producir trocos na redacción dos textos.

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias.

#### ACORDA

Prestar conformidade á proposta de informe remitida.

Vigo, a 19/07/2017

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

## **ASUNTO: MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DAS ORDENANZAS FISCAIS, XERAL E REGULADORAS DOS PREZOS PÚBLICOS.**

Remitidos á Intervención Xeral os expedientes relativos aos asuntos referenciados ao obxecto da emisión do preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no artigo 214 RD Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con carácter previo á adopción do correspondente acordo, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte

### **INFORME:**

#### **Primeiro. Normativa de aplicación.**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL)
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), artigos 15 a 19.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria. (LXT)
- Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación. (RXR)
- Real Decreto 1.065/2007, de 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos. (RXAPXI)
- Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, modificada pola Lei 25/1998, de 13 de xullo, de Modificación do Réxime das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais de Carácter público. (LTPP)
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. (LOEOSF)
- Regulamento Orgánico do Pleno.

#### **Segundo. Documentos que integran o expediente.**

- Textos das Ordenanzas vixentes así como a nova redacción proposta para cada unha das Ordenanzas que se pretenden modificar.
- En cada un dos expedientes, informe-proposta asinado pola técnica xurídica da Dirección de Ingresos e pola directora de Ingresos, e conformado polo Sr. concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Informes do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo aprobado en sesión ordinaria número 2017/13 do 20/06/2017, sobre a non preceptividade legal do trámite de consulta pública previa, e en sesión extraordinaria e urgente número 2017/16 do 19/07/2017, en cumprimento do





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

disposto no artigo 137.1 b) da LRBRL, informando favorablemente as propostas de modificación das ordenanzas ao ter os trocos propostos cobertura legal.

### Terceiro. Modificacións propostas.

A proposta examinada consiste en modificar as seguintes Ordenanzas:

- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica. Plantease unha redución do 10% das tarifas relativas a motocicletas de todas as categorías fiscais así como un aumento dun 2,2% nas restantes tarifas do artigo 6.
- Ordenanza fiscal xeral. Introdúcense unha serie de modificacións no procedemento de recadación en período executivo así como a redacción do artigo 73B, apartado 2, no tocante ao prazo da presentación polo debedor da solicitude de fraccionamento.
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis. Proponse actualizar nun 2,2% os tipos impositivos de Bens Urbanos e BICES, así como os ingresos brutos que constitúen a base para determinar a bonificación de familias numerosas.
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. Plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a administración do Concello e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a instancia de parte. Actualízase as tarifas nun 2,2% do artigo 5 así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte estaría exento desta taxa.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ao Servizo de Taxi na cidade de Vigo. Actualízanse as tarifas do artigo 4 nun 2,2%.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Servizos Especiais por Espectáculos e Transportes. Actualízase as tarifas nun 2,2% do artigo 5.
- Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais. Actualízase as tarifas do artigo 5 nun 2,2% e nun 3,3% o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos. Actualízase as tarifas do artigo 5 nun 2,2%.
- Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo. Actualízanse as tarifas do artigo 5 da ordenanza nun 2,2% así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas Pola Prestación dos Servizos de Sanidade Preventiva, Desinfección, Desinsectación, Desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 2 de 8

Expediente 2401/500

Código de verificación: 2DED4-E4BE5-DEDC2-33DB2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

- Actualizase as tarifas do artigo 4 nun 2,2% así como o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa: actualízanse os importes destes mínimos exentos nun 3,3%.
- Ordenanza reguladora do Prezo Público das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas. Actualízanse as tarifas dos apartados b), c) e d) do artigo 3.1 da ordenanza nún 2,2% e, nesta mesma porcentaxe, o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento destes prezos públicos.
  - Ordenanza reguladora do Prezo Público por utilización das instalacións deportivas Municipais dependentes da Concellería de Deportes. Actualízanse as tarifas dos artigos dos apartados 9, 10, 11, 12 e 13 nun 2,2% e, nesta mesma porcentaxe no artigo 5, os importes dos ingresos brutos per capita por debaixo dos que un contribuínte ou familia estarían exentos destes prezos públicos.
  - Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de auga potable, Rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais. Actualízase as tarifas I, II, III e IX do artigo 5 nun 2,2%.
  - Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para estes, xestión integral de rsu de construción e demolición domiciliarios, depositados en sacos na vía pública e participación noutras actividades ou programas. Substitúese no artigo 3 apartado 2 a vixente redacción por outra mais xenérica que comprende os diferentes programas e actividades complementarias ás Visitas á VigoZoo, mantendo o procedemento de determinación do prezo público coincidente co importe do custe unitario.
  - Ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta o “VigoZoo”. Actualízase as tarifas do artigo 4 nun 2,2%, actualízase o importe do ingreso bruto per capita por debaixo do que un contribuínte ou familia estaría exento desta taxa nun 3,3% e suprímense determinados epígrafes da tarifa por motivos de carácter organizativo segundo consta en informe de data 14 de xullo de 2017 da Concellería de Medioambiente e Vida Saudable.

#### Cuarto. Consideracións xurídicas.

##### 1. Cómuns para todas as modificacións previstas.

A novo texto proposto para a regulación de cada unha das Ordenanzas das que se propón a súa modificación integra o contido mínimo esixido no artigo 16 do TRLRHL: A nova redacción das normas afectadas, e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Polo demais, a xuízo do funcionario que subscribe, o texto proposto non contén preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

## 2. Específicas para o caso de modificacións das Ordenanzas Fiscais reguladoras de impostos.

Comprobouse que:

Os novos tipos e/ou tarifas non superan os límites máximos establecidos na TRLRFL para cada un dos impostos, polo que, a estes exclusivos efectos, a modificación proposta non precisa de motivación ou xustificación adicional algunha (por todas STSX de Cataluña 30-04-94, STSX da Comunidade Valenciana 27-01-1994).

Polo que respecta ás bonificacións, as porcentaxes establecidas non superan en ningún caso as porcentaxes máximas establecidas no TRLRFL, regulándose no texto da ordenanza os aspectos sustantivos e formais a que se refiren os preceptos respectivos.

Consta o informe favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2017/16 do 19/07/2017).

## 3. Específicas para o caso de modificacións das Ordenanzas Fiscais reguladoras de taxas.

En cumprimento do disposto no apartado 2 do artigo 24 do TRLRFL, verificouse que en cada un dos expedientes examinados, consta un estudo económico elaborado por persoal técnico municipal no que se acredita que os ingresos totais previstos derivados da taxa en cuestión non exceden, no seu conxunto, do custo real ou previsible derivado da prestación do servizo, financiándose as diferencias con ingresos non finalistas procedentes doutras fontes de ingresos municipais.

Neste sentido, lémbrese que a importancia da esixencia de elaboración dos estudos e memorias económico-financeiras, como trámite esencial do procedemento fixado polo TRLRFL, xustifica a nulidade das ordenanzas fiscais expedidas con omisión deste trámite, ou a súa insuficiencia (por todas, Sentenza do Tribunal Supremo do 18 de marzo de 2010).

Asi mesmo, consta o informe favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2017/16 do 19/07/2017).

	Custo do servizo	Ingresos previstos	Cobertura
Expedición de documentos	1.190.187,24	340.000,00	28,57%
Servizo de Taxi na cidade de Vigo	600.240,81	20.000,00	3,33%
Servizos Especiais Espectáculos Transportes	103.407,84	20.000,00	19,34%





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Cemiterios municipais	1.357.533,66	160.000,00	11,79%
Taxas pola Retirada de Vehículos	3.113.696,63	800.000,00	25,69%
Taxas pola Recollida do Lixo	25.540.601,74	17.750.000,00	69,50%
Servizos de Sanidade, Desinfección, ...	78.263,65	7.000,00	8,94%
Subministración de auga potable ... €/m3	1,1168	1,0155	90,93%

#### 4. Para o caso de modificacións das Ordenanzas reguladoras de prezos públicos.

Se ben con carácter xeral, o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL establece que o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada, segundo o disposto no apartado 2º do citado precepto: *"Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese"*.

A obriga de consignación á que se refire este precepto resulta, en certo modo, superflua ou innecesaria, xa que os prezos públicos non se atopan afectados a unha finalidade específica ou determinada, senón que forman parte dos recursos ordinarios da entidade, polo que no caso de que os gastos que constitúen a súa contrapartida sexan superiores ao rendemento total daqueles, a diferenza terá que compensarse co resto dos recursos ordinarios para manter o equilibrio orzamentario.

Así, segundo os informes económicos que obran no expediente, o custe previsto para 2018 na Escola Municipal de Danza ascendería a 196.529,76 €, na Escola Municipal de Música sería de 480.561,79 €, na Escola Municipal de Teatro sería de 176.437,03 € e na Escola Municipal de Musica Folk e Tradicional sería de 279.246,99 €, polo que a financiación prevista a cargo dos prezos públicos que pagarán os usuarios das escolas municipais de música e artes escénicas acadaría entón ao 26%, tendo en conta que parte dos usuarios gozarán de exención por motivos de escasa capacidade económica conforme ao disposto no artigo 3.2 da ordenanza.

No caso do Prezo Público por utilización das instalacións deportivas Municipais, segundo o informe económico que obra no expediente, o custe previsto para 2018 ascendería a 9.738.699,64 € e os ingresos previstos para o citado exercicio serían de 2.393.041 €.

Finalmente, segundo se desprende do informe económico que obra no expediente o custe total do servizo VIGOZOO para o exercicio 2018 ascendería a un total de 1.634.097,86 € e os ingresos ascenderían a 300.000 €.







CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

## 5. Para o caso da modificación da Ordenanza Fiscal Xeral.

Conforme dispón o artigo 12.1 do TRLFL a “xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais realizarase de acordo co previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento”, autorizando o apartado 2 do citado precepto ás entidades locais, para que a través das súas ordenanzas fiscais poidan adaptar a citada normativa ao réxime de organización e funcionamento interno propio de cada unha delas, sen que tal adaptación poida contravir o contido material da devandita normativa.

Neste sentido, o apartado 3 do artigo 15 do citado texto legal dispón que as entidades locais exercerán a potestade regulamentaria a que se refire o apartado 2 do artigo 12 desta lei, ben nas ordenanzas fiscais reguladoras dos distintos tributos locais, ben mediante a aprobación de ordenanzas fiscais especificamente reguladoras da xestión, liquidación, inspección e recadación dos tributos locais.

En relación co disposto, e como xa temos dito con anterioridade, a xuízo do funcionario que subscribe, o texto da Ordenanza Fiscal Xeral proposto non contén preceptos ou disposicións que contraveñan o disposto no TRLRFL, na LXT, no RXR, no RXAPXI, ou nas demais Leis do Estado reguladoras da materia e demais disposicións ditas para o seu desenvolvemento. Neste sentido, consta o informe favorable do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo (aprobado en sesión extraordinaria e urxente número 2017/16 do 19/07/2017).

### **Quinto. Incidencia no volume de gasto computable aos efectos do cálculo da regra de gasto.**

O art. 12 da LOEP incorpora a regra de gasto, en virtude da cal a variación do gasto computable das Administracións Públicas non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, cuxo cálculo corresponde ao Ministerio, e que será a referencia para ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos Orzamentos.

Nas Corporacións Locais enténdese por gasto computable, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (isto é, consolidados e axustados a criterios de Contabilidade Nacional), excluídos os intereses da débeda e a parte de gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea ou doutras Administracións Públicas.

Para as Corporacións locais (artigo 2.1 da LOEPSF) cúmprese a Regra do Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 6 de 8

Expediente 2401/500

Código de verificación: 2DED4-E4BE5-DEDC2-33DB2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

Deste xeito, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación poderá aumentar na contía equivalente. A sensu contrario, cando se aproban cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación deberían considerarse para minorar o cálculo (art. 12.4 LOEP).

En definitiva, consonte ao disposto no artigo 12.4 da LOEOSF, de resultar finalmente aprobadas as modificacións nas ordenanzas nos termos propostos, o nivel de gasto computable resultante da aplicación da regra de gasto no anos 2018 e seguintes poderá aumentarse polo aumento de recaudación que se prevexa obter como consecuencia da aplicación das medidas previstas no acordo adoptado.

### Sétimo. Procedemento e competencia.

O procedemento administrativo a seguir na tramitación do expediente para a modificación das ordenanzas aparece recollido nos artigos 49 da LRBRL, 15 e seguintes do TRLRFL e no Regulamento Orgánico do Pleno, coas especialidades que se sinalan no título X da LRBRL (“Réxime de organización dos municipios de gran poboación”), sendo o órgano competente o Pleno da Corporación, por maioría simple, previa aprobación do proxecto de modificación da ordenanza pola Xunta de Goberno Local, conforme ao disposto no artigo 127.1 a) da LRBRL.

En aplicación do disposto no artigo 90 do Regulamento Orgánico do Pleno unha vez aprobado o proxecto pola Xunta de Goberno Local, concederáse aos grupos políticos municipais o prazo indicado no citado precepto para que poidan presentar emendas ao artgado ou a totalidade. Para o caso de que o proxecto fora emendado, as emendas deberán ser incorporadas ao proxecto que deberá someterse novamente a Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

### Conclusións.

En consecuencia, esta Intervención fiscaliza DE CONFORMIDADE as propostas de modificacións de Ordenanzas Fiscais e reguladoras dos Prezos Públicos para o exercicio 2018 seguintes:

- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica.
- Ordenanza fiscal xeral.
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles.
- Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Documentos que expida ou que entenda a administración do Concello e a Xerencia Municipal de Urbanismo, a instancia de parte.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas relativas ao Servizo de Taxi na cidade de Vigo.
- Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas polos Servizos Especiais por





CONCELLO DE VIGO  
INTERVENCIÓN XERAL

- Espectáculos e Transportes.
- Ordenanza Fiscal reguladora das taxas pola prestación dos servizos dos cemiterios municipais.
  - Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola Inmobilización, Retirada, Depósito e Custodia de Vehículos.
  - Ordenanza fiscal reguladora das Taxas pola Recollida do Lixo.
  - Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas Pola Prestación dos Servizos de Sanidade Preventiva, Desinfección, Desinsectación, Desratización e destrución de calquera clase de materias e produtos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.
  - Ordenanza reguladora do Prezo Público das Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas.
  - Ordenanza reguladora do Prezo Público por utilización das instalacións deportivas Municipais dependentes da Concellería de Deportes.
  - Ordenanza Fiscal reguladora das Taxas pola prestación de servizos de Subministración de auga potable, Rede de sumidoiros, Saneamento e Depuración de augas residuais.
  - Ordenanza Reguladora dos Prezos Públicos pola prestación do servizo de organización de espectáculos, aluguer de instalacións para estes, xestión integral de rsu de construción e demolición domiciliarios, depositados en sacos na vía pública e participación noutras actividades ou programas.
  - Ordenanza fiscal reguladora das taxas dos servizos que presta o "VigoZoo".

Vigo, na data indicada ao marxe  
A interventora xeral adxunta

Asdo. Olga Gómez Corbal



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 8 de 8

Expediente 2401/500

Código de verificación: 2DED4-E4BE5-DEDC2-33DB2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**D<sup>a</sup>. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O:** Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 27 de xullo de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

**5.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE: 2401/500.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o dictame favorable do Tribunal Económico Administrativo do 19/07/17 e o informe de fiscalización do 20/07/17, dáse conta do informe-proposta do 17/07/17, asinado pola técnica xurídica de Dirección de Ingresos e xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

**Condicionantes xerais**

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupostario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e, tamén, a reforma das Facendas Locais en estudo nas respectivas Comisións de Expertos.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2017 13:35	Páxina 1 de 4
Expediente 2401/500	Código de verificación: 25EE4-845EA-D4D32-A4EE2	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

### Condicionantes específicos

Polo que se refire ao Imposto sobre Actividades Económicas, hai que ter en conta que a capacidade recadadora deste tributo limítase ás actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas cunha cifra de negocios superior a un millón de euros. Diante de case 40.000 inscricións na Matricula de Actividades Económicas, só 4.000 aportan ao orzamento municipal por este imposto..

Amais do anterior, compre ter en conta o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das bonificacións por inicio de actividade, por creación de emprego, cooperativas fiscalmente protexidas e outros supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os douscentos cincuenta mil euros.

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

### Modificacións na Ordenanza

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%..

### Informe sobre o impacto de xénero

A presente modificación non introduce ningunha disposición que teña incidencia por razón de xénero, xa que afecta a persoas xurídicas contribuíntes. Consecuentemente, o impacto por razón de xénero será nulo.

### Tramitación da modificación

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL), artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL sometendo a ditame do TEA do Concello o “Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal” así como ao Regulamento Orgánico do Pleno aprobado definitivamente con data 30.05.2016.

Ao ser este documento unha “Proposta de Modificación de Ordenanza Fiscal”, adquirirá a condición de “Proxecto”, tras o acordo aprobatorio da Xunta de Goberno Local.

Para o caso de que o Proxecto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado favorablemente polo TEA, fose emendado no tramite que determina o regulamento Orgánico do Pleno, as emendas



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 2 de 4

Expediente 2401/500

Código de verificación: 25EE4-845EA-D4D32-A4EE2

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



deberán ser incorporadas ao “Proxecto” que se someterá novamente á Xunta de Goberno Local e ditame do TEA.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

**“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:**

**ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.**

*Modifícase o punto 1.*

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	3,21
2ª	3,00
3ª	2,84
4ª	2,61
5ª	2,43
6ª	2,21

**DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.

2º) Someter a Ditame do TEA do Concello.

3º) Aprobación provisional do Proxecto ditaminado en sesión plenaria.

4º) Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no BOP, Taboleiro do Concello e Prensa Local para exame e reclamacións.

5º) Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

- a) Publicar o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.
- b) Facultar á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local presta conformidade ao precedente informe-proposta.

	Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2017 13:35	Páxina 3 de 4
	Expediente 2401/500	Código de verificación: 25EE4-845EA-D4D32-A4EE2	
	Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

MXLP/me

V. e Pr.  
O ALCALDE,  
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 12/09/2017 13:35	Páxina 4 de 4
Expediente 2401/500	Código de verificación: 25EE4-845EA-D4D32-A4EE2	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
TRIB. EC. ADM.

**TIPO: Dictame**

**SOLICITANTE: DIRECCIÓN DE INGRESOS**

**EXPEDIENTE: 2401-500 REF: I4304 E4483 P3896**

**ASUNTO: Proxecto de modificación para o exercicio 2018 da Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas. (4).**

**En Vigo, a 31/07/2017, examinada a proposta de dictame asinada polo Vocal do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo en data 31/07/2017 co seguinte literal:**

A Xunta de Goberno Local, en Sesión Ordinaria que tivo lugar o 27 de xullo de 2017, aprobou o Proxecto de Modificación da Ordenanza Fiscal citada.

A Sala do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo, en Sesión Extraordinaria e Urgente número 2017/16 do día dezanove de xullo de dous mil dezasete, emitiu informe favorable previo á proposta á Xunta de Goberno Local de Proxecto de Modificación da Ordenanza, sendo con posterioridade a dita proposta fiscalizada de conformidade, segundo consta no expediente.

No acordo do Tribunal, referido ó informe previo, se indicaba expresamente que "...infórmase favorablemente con carácter previo a proposta de modificación, sin prexuízo do dictame concreto que se emitirá unha vez aprobada a proposta pola Xunta de Goberno Local e que resultará favorable de non se producir trocos na redacción dos textos".

O non se producir trocos no texto remitido respecto do sometido a informe previo, dase por reproducido o alí indicado e se dictamina favorablemente o Proxecto de Modificación da Ordenanza.

Tralo exame da proposta subliñada, a Sala do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no exercicio das súas competencias.

#### ACORDA

Prestar conformidade á proposta e, en consecuencia, dictaminar favorablemente o Proxecto de modificación da Ordenanza subliñada.

Vigo, a 31/07/2017

O Secretario

Asdo: Manuel Xosé Lorenzo Penela

Vº e pr; o Presidente

Asdo: Albino Rodríguez Ferreira



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 12/09/2017 13:35

Páxina 1 de 1

Expediente 2401/500

Código de verificación: 24EC4-348E3-DBDA2-A533A

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



**JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO XERAL DO PLENO DO CONCELLO DE VIGO,**

CERTIFICA: Que o Pleno do Concello, en sesión ordinaria (agosto) do día 6 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

**5.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN PARA O EXERCICIO 2018 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS. EXPTE: 2401/500. (1593/1101)**

ANTECEDENTES: No expediente consta informe proposta emitido pola Dirección Xeral de Ingresos en data 18.07.2016 no que consta a seguinte modificación ao articulado vixente:

“Segundo instrucións do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, esta Dirección de Ingresos formula a proposta de “Modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas” para o exercicio 2018, que consta no presente expediente.

Condicionantes xerais

Os ingresos das Corporacións Locais están integrados pola Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) e, polos tributos propios. Debe terse en conta que a Facenda Local ven obrigada a respectar a Lei 2/2012 Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, que, no seu artigo 11,4 establece que *“as Corporacións Locais deberan manter unha posición de equilibrio ou superavit presupuestario”*.

Acadar esta posición de equilibrio presupuestario implica unha indisociable conexión entre ingreso e gasto, que obriga a prestar atención á evolución do conxunto dos ingresos públicos do Concello e, tamén, dos gastos, xa sexan obrigatorios, previsibles ou de carácter voluntario. Só deste xeito, se manterá a solvencia das contas públicas municipais e se cumprirá co marco xurídico dos orzamentos que ven derivado das normas que integran o “bloque da constitucionalidade”: artigo 135 da Constitución, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril e Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

A entrada en vigor a día 29 de xuño de 2017 da lei 3 /2017 de Presupostos Xerais do Estado para o presente ano 2017 tras un longo proceso de negociación , fai prever, no contexto parlamentario actual, incerteza sobre a aprobación en prazo da Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2018 e, consecuentemente, arroxa incerteza sobre as previsións/dotacións presupostarias das transferencias do Estado.

A este aspecto, úneselle o feito de non contar cun marco plurianual claro sobre a PIE e a PICA. Isto obedece a unha serie de factores: as recentes reformas fiscais de 2015-2016 e a súa incidencia na recadación que se utilizará como base para determinar a PIE, a reforma do financiamento das Comunidades Autónomas e,

tamén, a reforma das Facendas Locais en estudio nas respectivas Comisións de Expertos.

Polo que respecta aos ingresos que mellor representan a autonomía financeira da Facenda Local, diversos pronunciamentos xudiciais que se refiren á normativa estatal, condicionan o importe da recadación municipal previsible. De xeito importante, os referidos ao Imposto sobre Bens Inmóveis e ao Imposto sobre o Incremento de Valor de Terreos de Natureza Urbana.

A lenta evolución da actividade económica determina un escasísimo incremento nos ingresos do Imposto sobre Actividades Económicas e do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Todos estes factores condicionan as decisións de política fiscal do conxunto das Corporacións Locais e, en particular, do Concello de Vigo.

#### Condicionantes específicos

Polo que se refire ao Imposto sobre Actividades Económicas, hai que ter en conta que a capacidade recadadora deste tributo límitase ás actividades económicas desenvolvidas por persoas xurídicas cun unha cifra de negocios superior a un millón de euros. Diante de case 40.000 inscricións na Matricula de Actividades Económicas, só 4.000 aportan ao orzamento municipal por este imposto..

Amais do anterior, compre ter en conta o importe do “orzamento de gastos fiscais”, é dicir beneficios fiscais: o importe das bonificacións por inicio de actividade, por creación de emprego, cooperativas fiscalmente protexidas e outros supera, no Concello de Vigo, para este imposto, os douscentos cincuenta mil euros.

A necesidade de aplicar unha política fiscal redistributiva e equitativa xustifica a revisión da cuantificación deste imposto para facer, a través do orzamento municipal, unha mellor redistribución da riqueza e dos fondos públicos.

Esta redistribución da riqueza observase claramente, na Memoria da Liquidación dos Orzamentos do Concello de Vigo na que se reflexa que o gasto fiscal e o esforzo inversor por habitante supera ao importe dos ingresos fiscais por habitante, ao mesmo tempo que hai unha situación de ausencia de endebedamento financeiro.

#### Modificacións na Ordenanza

Tendo en conta o exposto, plantease un axuste nos coeficientes de situación do artigo 8 da ordenanza, actualizando estes nun 2,2%.

A vista do anterior, esta Dirección de Ingresos solicita, da Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

#### ACORDO:

1º) Aprobar provisionalmente a seguinte:

“MODIFICACIÓN DOS SEGUINTE ARTIGOS DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS” (4), QUE QUEDARÁN REDACTADOS COMO SEGUE:

ARTIGO 8.- COEFICIENTE ÚNICO E ÍNDICES DE SITUACIÓN.

*Modifícase o punto 1.*

1. Sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 9.1 b) desta Ordenanza, o Concello de Vigo establece a seguinte escala de coeficientes que ponderan a situación física do local, atendendo a categoría da rúa na que radique:

Categoría Fiscal	Coeficiente Situación
1ª	3,21
2ª	3,00
3ª	2,84
4ª	2,61
5ª	2,43
6ª	2,21

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia e comezará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2018, permanecendo en vigor en tanto non se acorden a súa modificación ou derogación expresas.”

En sesión de data 27 de xullo, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación.

#### EMENDAS

-En data 9.08.2017 o grupo municipal de **Marea de Vigo**, mediante escrito, presenta as seguintes emendas á Ordenanza Fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas:

13ª.\_

Non aplicar a suba do 2,2% no 2018 na escala de coeficientes que ponderan a situación física do local

14ª.-

ARTIGO 6.- BONIFICACIÓN E REDUCCIÓNS

Inclusión dunha escala de bonificacións a aquelas empresas que, obrigadas ao pago do imposto, acrediten un incremento de plantilla mediante contratación indefinida no ano anterior (a acreditar mediante presentación dos TC1 e TC2):

<i>Incrementos entre o 1 e o 10%</i>	20%
<i>Incrementos superiores ao 10%</i>	30%
<i>Incrementos superiores ao 20%</i>	40%
<i>Incrementos superiores ao 30%</i>	50%

-En data 9.08.2017 o grupo municipal do **Partido Popular** achega escrito de presentación das emendas no que consta a devolución ao goberno de tódolos textos de modificación de Ordenanzas Fiscais propostas, entre estas, a modificación da Ordenanza Fiscal do Imposto sobre Actividades Económicas; así mesmo sinala que “dentro dos límites legais de estabilidade orzamentaria, o goberno municipal deberá aplicar beneficios fiscais selectivos en forma de bonificacións e/ou exencións ás familias e colectivos sociais con maiores dificultades, así como aumentar o mínimo exentos (familias de baixo nivel de renda, con parados de longa duración, familias numerosas, monoparentais, con persoas dependentes ou discapacitadas, familias con membros maiores de 65 anos, con situación de violencia de xénero, maiores que viven sós)”. A emenda tamén propón unha rebaixa xeneralizada do 3% para a totalidade dos impostos, prezos e taxas municipais para o ano 2018.

1. No que atinxe ao IAE:

- a. Bonificación do 50% durante os cinco primeiros exercicios seguintes o de inicio da actividade (actualmente está no 30%) para os suxeitos pasivos que inicien o exercicio de calquera actividade empresarial, e tributen por cota municipal.
- b. Bonificación do 50% (actualmente está no 35%) na cota do Imposto para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e incrementen nun 10%, o porcentaxe superior, o promedio da súa plantilla de traballadores con contrato indefinido, durante o período impositivo anterior.
- c. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e utilicen ou produzan enerxía a través de sistemas renovables ou de coxeneración, realicen a súa actividade nas zonas menos poboadas do municipio e establezan plans de transporte para os seus empregados.
- d. Bonificación do 50% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e teñan unha renda ou rendemento neto da actividade negativos ou inferiores á cantidade que determine a ordenanza fiscal, a cal poderá fixar porcentaxes e límites en función de cal sexa a división, agrupación ou grupo de tarifas do imposto no que se clasifique a actividade económica realizada.
- e. Bonificación do 95% para os suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interés ou utilidade municipal por concurrir circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración polo Pleno da corporación.

En data de 11.08.2017 a Dirección de Ingresos emite informe en relación ás emendas presentadas.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en data 30.08.2017, emite ditame favorable á proposta de acordo que figura na parte dispositiva deste acordo.

VOTACIÓN DAS EMENDAS DE MAREA DE VIGO: Con tres votos a favor do grupo

municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, seis abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

**VOTACIÓN DAS EMENDAS DO PARTIDO POPULAR:** Con seis votos a favor do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, tres abstencións dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora, Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, quedan rexeitadas as emendas.

**VOTACIÓN DO FONDO:** Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e nove votos en contra dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, Gago Bugarín, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

#### ACORDO

**PRIMEIRO:** Rexeitar as emendas presentadas.

**SEGUNDO:** Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal Reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, segundo proposta de modificación do articulado que consta nos antecedentes.

**TERCEIRO:** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

**CUARTO:** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades: a) Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor. b) Facúltase á Dirección de Ingresos para a redacción do correspondente texto refundido .

E para que así conste expido esta certificación de orde e co visto e prace do Excmo.

Sr. Alcalde, coa salvidade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en Vigo once de setembro do ano dous mil dezasete.  
am

Vº e Pr.  
O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez.